

**materia**

Organización e Economía da Empresa

unidade didáctica **1**

# **Actividade económica e empresa: o papel da contabilidade e as finanzas**

**Pablo Durán Santomil**

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

**titulación**

Grao en Enxeñaría Química





unidade didáctica 1

# **Actividade económica e empresa: o papel da contabilidade e as finanzas**

Pablo Durán Santomil  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura  
e Formación Continua da  
Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 2366-2011

**ISBN** 978-84-9887-780-9

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: Organización e Economía da Empresa**

**TITULACIÓN: Grao en Enxeñaría Química**

**PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade didáctica I. Actividade económica e empresa: o papel da contabilidade e as finanzas**

Actividade económica e empresa

○ papel da contabilidade na empresa

○ papel das finanzas na empresa

**Unidade didáctica II. Fundamentos de cálculo financeiro e métodos de avaliación e selección de investimentos**

**Unidade didáctica III. Fundamentos de contabilidade e os estados contables**

**Unidade didáctica IV. Interpretación e análise da información financeira**

**Unidade didáctica V. Liñas básicas de elaboración e uso dos orzamentos e as fontes de financiamento na empresa**

**Unidade didáctica VI. Análise do risco económico e financeiro**



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	7
<b>Palabras chave</b> .....	7
<b>Os obxectivos</b> .....	7
<b>A metodoloxía</b> .....	8
<b>Os contidos</b> .....	8
1. Actividade económica e empresa.....	8
2. O papel da contabilidade.....	12
3. O papel das finanzas .....	13
<b>Actividades propostas</b> .....	15
<b>Avaliación</b> .....	16
<b>Bibliografía</b> .....	17



## **PRESENTACIÓN**

---

A economía é unha ciencia cuxo obxecto é a administración de recursos escasos para a satisfacción das necesidades da sociedade. Estas son practicamente ilimitadas e cóbrense mediante o consumo de bens e servizos. As empresas son organizacións que realizan unha combinación axeitada de factores de produción para proporcionar os bens e servizos que demanda e consume o mercado.

Esta unidade didáctica forma parte da materia de Organización e Economía da Empresa impartida no segundo curso do Grao en Enxeñaría Química. Destínase a conceptos introdutorios da economía, a empresa e o papel que teñen nesta a contabilidade e as finanzas. Esta unidade ten un carácter introdutorio para o resto de contidos que se analizan nesta materia. Contribúe á formación do alumno ao permitirlle unha maior comprensión do funcionamento do mundo económico e empresarial, ao tempo que resulta necesaria para o correcto desenvolvemento das unidades posteriores. En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 5 horas expositivas e interactivas.

## **PALABRAS CHAVE**

---

Economía, actividade económica, factores produtivos, fluxo circular da renda, empresario individual, sociedade anónima e limitada, contabilidade, finanzas, decisións de investimento e financiamento.

## **OS OBXECTIVOS**

---

Esta unidade didáctica contribuiría á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Coñecer a realidade económica e empresarial.
- Valorar a importancia da función da contabilidade e das finanzas na empresa.

En canto aos obxectivos específicos, nesta unidade preténdese:

- Coñecer o funcionamento dunha economía de mercado e dos seus axentes.
- Clasificar as empresas segundo o sector de actividade, propiedade, tamaño e organización xurídica.
- Comprender o papel da contabilidade e das finanzas no mundo empresarial.
- Introducir as principais fontes de financiamento dunha empresa.

## A METODOLOXÍA

---

A metodoloxía empregada nesta unidade didáctica será semellante ás das outras unidades desta materia. A partir dos coñecementos previos amosados polos alumnos realizarase unha explicación dos contidos teóricos por parte do profesor mediante lección maxistral. Os conceptos fundamentais da unidade desenvolveranse nas clases expositivas da materia, proxectando na aula unha presentación. Ao mesmo tempo fomentará o debate aberto sobre os contidos que se analizan e o interese dos alumnos mediante a busca por parte deles de información aparecida nos medios de comunicación e relacionada co tema. O fin é que o alumno comprobe que os conceptos que se imparten teñen unha correspondencia absoluta coa realidade.

Nunha segunda etapa o profesor realizará exemplos prácticos dos contidos abordados e aclarará as dúbidas que poidan xurdir. Deste xeito trátase de reforzar a aprendizaxe dos aspectos teóricos tratados e darlles contido. Para o seguimento das devanditas clases, os estudantes disporán do material didáctico a través da plataforma virtual da USC (*Blackboard*).

Posteriormente os alumnos deberán realizar os exercicios propostos que se colgarán na plataforma virtual. Estas actividades desenvolveranse nas clases iterativas, parte terán que ser resoltas de forma individual e parte en talleres de grupo. Posteriormente fomentárase o debate e establecemento de discusións sobre os resultados obtidos polos alumnos.

O profesor proporá diversas actividades de traballo persoal do alumno e poderá realizar os exames que se atopan na aula virtual. Cada alumno poderá comprobar ao remate das preguntas a puntuación alcanzada e asistir as titorías para resolver os problemas que poidan acontecer. As titorías establécense co fin de contribuír o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno en función das súas necesidades.

## OS CONTIDOS

---

A Economía é a ciencia que estuda a correcta distribución dos recursos escasos para satisfacer as necesidades humanas. Deste xeito, podemos afirmar que o obxecto da economía é o estudo da actividade económica.

### 1. Actividade económica e empresa

A actividade económica existe porque as persoas teñen unha serie de necesidades e dispoñen duns recursos escasos para satisfacelas. A actividade para conseguir bens e servizos chámase produción e a súa utilización ou gasto consumo.

Produción	Aplicación de recursos á obtención de produtos.
Consumo	Aplicación de produtos á satisfacción de necesidades

As necesidades humanas son susceptibles de ser satisfeitas con bens materiais ou inmateriais. As empresas producen produtos ou servizos para satisfacer necesidades da sociedade. A produción é o proceso de transformación técnica e económica de *inputs*, recursos ou factores de produción en *outputs* (bens e servizos). Para alcanzar os seus obxectivos, as empresas contan cunha serie de recursos que se clasifican en: materiais, humanos, financeiros e tecnolóxicos. As empresas crean riqueza na medida de que o valor dos produtos ou servizos é superior ao dos factores empregados.

*Inputs* → Proceso produtivo → *Outputs*

O *output* é un fluxo de bens polo que ha de referirse a un período determinado (trimestre, ano, etc.). Así, o fluxo de bens producido por un país denomínase Produto Nacional, e ao producido nun país Produto Interior.

Existen dous extremos nos sistemas económicos: o libre mercado e a economía centralizada. Nun sistema económico libre os axentes toman as seguintes decisións: que conxunto de bens e servizos deben ser producidos?, como e onde deben ser producidos?, quen os consome?, como deben repartirse as rendas xeradas? Nun sistema de economía centralizada as empresas están sometidas á autoridade do Estado, que intervén nas súas decisións co obxectivo de cumprir o plan estatal.

O fluxo circular da renda ilustra o funcionamento dunha economía de mercado na que se cumpren as seguintes condicións:

- Existen dous axentes económicos: os consumidores e os produtores. En modelos máis complexos introdúcese o Estado.
- Existen dous mercados: o mercado de bens e servizos e o mercado de factores de produción.
- Os axentes toman decisións, é dicir, relaciónanse nos mercados
- O que é gasto para un axente vai resultar un ingreso para o outro.

Neste modelo os fogares acoden ao mercado para adquirir bens e servizos para satisfacer as súas necesidades. Ao mesmo tempo, son propietarios dos factores produtivos que ofrecen para obter os recursos (cartos) necesarios para acudir ao mercado de bens e servizos. As empresas son as que producen os bens e servizos que consomen as economías domésticas e acoden ao mercado para adquirir os factores produtivos necesarios para producir eses bens e servizos. Os intercambios entre as economías domésticas e as empresas realízanse a través do mercado.

A oferta é a cantidade de bens ou servizos que son ofrecidos polo mercado, mentres que a demanda é a cantidade que se desexa adquirir. A lei da oferta e demanda é o modelo económico mediante o cal se forman os prezos de mercado dos bens, servizos e factores produtivos. Cando a un prezo determinado a demanda excede a oferta, o prezo tende a aumentar. Inversamente, cando a oferta excede a demanda, o prezo tende a diminuír. Así, o prezo tende ao nivel no cal a demanda iguala a oferta.

A empresa é unha unidade económica de produción composta por factores humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros que están combinados para alcanzar determinados obxectivos. É por tanto unha organización que realiza combinación dos factores de produción para proporcionar os bens e servizos que demanda o mercado. As empresas pódense clasificar atendendo a múltiples criterios:

- Sectores de actividade: empresa agrícola ou sector primario, industrial ou sector secundario, servizos ou sector terciario.
- Propiedade: públicas (o capital pertence ao Estado, comunidades autónomas, etc.), privadas ou mixtas.
- Tamaño: microempresa, PEMES (pequenas e medianas) e gran empresa. Segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea, de 6 de maio de 2003 denomínase:
  - o Mediana empresa aquela que emprega a menos de 250 traballadores. O seu volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou o balance anual non excede de 43 millóns de euros.
  - o Pequena empresa aquela que emprega a menos de 50 traballadores. O seu volume de negocios anual ou o balance anual non supera os 10 millóns de euros.
  - o Microempresa aquela que emprega a menos de 10 traballadores. O volume de negocios anual ou o balance anual non supera os 2 millóns de euros.
- Organización xurídica. Podemos distinguir fundamentalmente entre empresa individual e empresa sociedade. Na empresa individual distínguese entre empresario individual e sociedade civil.
  - o Empresario individual: persoa física que realiza en nome propio e por medio dunha empresa unha actividade comercial, industrial ou profesional. A responsabilidade é ilimitada e non se require un capital mínimo.
  - o Sociedade civil: baséase nun contrato polo que dúas ou máis persoas se obrigan a pór en común diñeiro, bens ou industria, con ánimo de repartir entre si os beneficios. A responsabilidade é ilimitada.

Dentro das sociedades mercantís destacan:

- o Sociedade anónima. Ten todo o seu capital representado en accións e os seus socios non responden persoalmente das débedas.
- o Sociedade de responsabilidade limitada. Ten o seu capital dividido en participacións, e os seus socios non responden persoalmente das débedas.

- Sociedade colectiva. Os seus socios están obrigados persoal e solidariamente, con todos os seus bens, fronte a terceiros, a facer fronte ás débedas.
- Sociedade comanditaria. Existen dous tipos de socios: colectivos e comanditarios. Os primeiros responden persoal e ilimitadamente das débedas sociais, os segundos só até a contía da súa achega. Pode ser simple ou por accións.

Son sociedades de capital a sociedade de responsabilidade limitada (tamén polo tanto a nova empresa), a sociedade anónima e a sociedade comanditaria por accións (Real Decreto Legislativo 1/2010). O seguinte cadro resume as principais formas xurídicas das empresas.

Personalidade	Forma	Socios	Capital	Responsabilidade
Persoas físicas (IRPF)	Empresario individual	1	Non existe mínimo legal	Ilimitada
	Sociedade civil	Mínimo 2	Non existe mínimo legal	Ilimitada
Persoas xurídicas (IS)	Sociedade de responsabilidade limitada (SL)	Mínimo 1 (SLU)	3.000 €	Limitada ao capital achegado
	Sociedade Limitada Nova Empresa	Máximo 5	Mínimo 3.010 € Máximo 120.202€	Limitada ao capital achegado
	Sociedade anónima (SA)	Mínimo 1 (SAU)	Mínimo 60.000€	Limitada ao capital achegado
	Sociedade colectiva	Mínimo 2	Non existe mínimo legal	Ilimitada
	Sociedade comanditaria	Mínimo 2	Simple: non mínimo Accións: Mínimo 60.000€	Socios colectivos: Ilimitada Socios comanditarios: Limitada

Dentro dunha empresa distínguense principalmente as seguintes áreas funcionais que deben estar definidas de forma que contribúan a alcanzar os obxectivos da empresa:

- Área de dirección xeral da empresa. Encárgase de establecer os obxectivos e coordinar o resto de áreas.
- Área de recursos humanos ou persoal. As súas tarefas son as contratacións, capacitación, etc. de traballadores.
- Área de vendas ou comercial. É a responsable das decisións de prezo, publicidade, etc.
- Área de produción ou fabricación. Realiza o deseño do produto, control de calidade, etc.
- Área contable e financeira. Encárgase da xestión de tesouraría, avaliación de investimentos, impostos, orzamentos, elaborar as contas anuais, etc.

Dado que a actividade económica implica un proceso de elección, para decidir debemos ter información. Desta forma, canta máis información teñamos, mellor será a decisión que podemos tomar. Da recollida e interpretación da información encárgase a contabilidade.

## 2. O papel da contabilidade

A contabilidade é o conxunto de coñecementos e técnicas que tratan de elaborar e comunicar información relevante sobre a situación e evolución económica e financeira da empresa. Tamén a podemos definir como o sistema de información que trata de representar a realidade económica e financeira dunha empresa. O obxectivo da contabilidade é o rexistro e comunicación de información útil para a toma de decisións dos diferentes usuarios da mesma. A contabilidade remóntase desde tempos moi antigos, xa en épocas como a romana, empregábase para medir os resultados dos intercambios comerciais. Rexistra os feitos económicos da empresa, as súas orixes e aplicacións mentres que comunica os estados contables.

A contabilidade é un sistema de información en tres fases ou etapas:

- 1º Fase: Recollida de datos e feitos significativos. Os feitos que afectan á realidade económica e financeira da empresa constituirán os *inputs* do sistema contable.
- 2º Fase: Valoración e rexistro. Os sucesos económicos ou transaccións deben ser medidos en termos financeiros, ademais deben ser gardados de maneira sistemática e ordenada.
- 3º Fase: Resumo e comunicación. Obtención de estados contable e informes, os informes contables constitúen o *output* do sistema de información contable.

Segundo os tipos de usuarios, a contabilidade pode dividirse en: interna e externa (ver cadro inferior). A contabilidade financeira ou externa proporciona información do estado financeiro da empresa a todos os axentes económicos interesados (acreedores, investidores, provedores,

administracións públicas, etc.). Vén regulada e planificada oficialmente para a súa comprensión por todos. Pola contra, a contabilidade de xestión é unha contabilidade interna para o cálculo dos custos produtivos no interior da empresa. Serve para tomar decisións en canto a produción, organización da empresa, etc.

Usuarios	Grupos	Información
<p><i>Externos</i></p> <p>Teñen un interese financeiro directo ou indirecto</p>	<p>Accionistas Prestamistas Empregados Clientes Provedores Admón. pública Competidores Público en xeral</p>	<p>Obrigatoria por lei: contas anuais</p> <p>Información pública</p> <p>Formato obrigatorio</p> <p>Periódica (anual)</p>
<p><i>Internos</i></p> <p>Toman decisións na dirección do negocio.</p>	<p>Directivos Mandos intermedios</p>	<p>Non é obrigatoria por lei</p> <p>Información privada</p> <p>Formato adaptado ás necesidades da empresa</p> <p>Regularidade adaptada ás necesidades da empresa</p>

### 3. O papel das finanzas

As finanzas son o conxunto de coñecementos e técnicas que permiten o logro dunha xestión financeira eficaz da empresa, e dicir, a asignación dos recursos escasos entre os distintos proxectos de investimento. Os recursos obtéñense entre as distintas fontes financeiras dispoñibles cuxa elección é tamén responsabilidade da área financeira. O obxectivo das finanzas é maximizar o valor da riqueza dos propietarios (accionistas) da empresa, para a cal se maximiza o valor da empresa.

As finanzas ocúpanse das decisións de investimento e financiamento. As decisións de investimento supoñen o compromiso dunha serie de recursos actuais coa expectativa de xerar uns beneficios futuros. Son decisións que perseguen lograr unha asignación eficiente dos recursos dispoñibles, é dicir, unha estrutura económica que produza a maior rendibilidade posible. As decisións de financiamento perseguen a captación de fondos suficientes para acometer os investimentos. O seu obxectivo é lograr unha estrutura financeira que orixine o menor custo posible.

Todas as decisións en finanzas están suxeitas o binomio rendibilidade - risco. A rendibilidade é unha variable desexada por un

investidor que, por tanto, desexará maximizar. Isto implica que o valor actual dos rendementos futuros esperados teña o maior valor posible. O risco é a posibilidade de que os resultados reais difiran dos esperados. Canto maior sexa a rendibilidade esperada por un investidor, máis risco está disposto a asumir.

O último elemento que afecta á toma de decisións da función financeira da empresa é o contorno. O contorno externo estaría por factores económicos, políticos, sociais, culturais, tecnolóxicos e ambientais. Pola contra dentro do contorno interno existen factores como a estrutura da empresa, a súa cultura e os seus recursos que teñen influencia nas decisións. O contorno interno e externo afecta á creación ou maximización de valor que perseguen as finanzas.

As decisións de financiamento perseguen captar fondos suficientes e a baixo custo. A cada unha das formas de obtención de medios ou recursos financeiros denomínaselle fonte financeira. As fontes de financiamento clasifícanse fundamentalmente en:

- Segundo a súa titularidade:
  - o Fontes de financiamento propias. Son as que proceden da actividade da empresa (beneficios retidos) e outros recursos achegados polos propietarios (capital). Constitúen o pasivo non exixible.
  - o Fontes de financiamento alleas. Son as que a empresa capta do mercado e que nalgún momento deberá devolver (préstamos, leasing, etc.). Constitúen o pasivo exixible.
  
- Segundo a súa procedencia:
  - o Fontes de financiamento externas. Son fondos captados fóra da empresa. Inclúe as achegas dos propietarios (capital) e o financiamento alleo.
  - o Fontes de financiamento internas ou autofinanciamento: Son fondos xerados pola propia empresa no exercicio da súa actividade e comprende a retención de beneficios e a amortización acumulada.

Os investimentos pódense clasificar en función do prazo en investimentos a longo (activo non corrente ou fixo) e investimentos a curto prazo (activo corrente ou circulante)

Finalmente, desexamos comentar a relación entre a contabilidade e as finanzas. A contabilidade é a representación do patrimonio e do resultado xerado pola empresa. As finanzas apoiándose nos datos facilitados pola contabilidade, buscará a combinación óptima de elementos da estrutura económica e financeira da empresa (patrimonio), para a consecución do máximo beneficio (resultado).

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

Dividimos as actividades que se van realizar naquelas que pretenden valorar os coñecementos previos do alumnado e motivar o interese por esta unidade didáctica naquelas que pretenden desenvolver os seus contidos. Nestas últimas distinguimos aquelas que se desenvolverán na aula de aquelas propostas para o traballo en casa dos alumnos.

### *Actividades de coñecementos previos e motivación:*

1. Verificación de coñecementos previos mediante a elaboración dun cuestionario e debate aberto sobre conceptos básicos desta unidade.

### *Actividades de desenvolvemento:*

1. Comentar as seguintes afirmacións:

- Non todas as empresas buscan os fins de lucro, existen tamén empresas que buscan o benestar social.
- Nunha economía de mercado organízase e asigna a produción e o consumo de bens e servizos que xorde do xogo entre a oferta e a demanda.
- O obxectivo da economía é estudar a correcta distribución dos recursos escasos (limitados) para satisfacer as necesidades do ser humano (ilimitadas).

2. Discutir no modelo do fluxo circular da renda os efectos que tería a consideración das administracións públicas.

3. Elixir en grupos unha organización xurídica de empresa, posteriormente acceder á web da *Dirección General de Política de la Pequeña y Mediana Empresa* <http://www.ipyme.org> e analizar as vantaxes, desvantaxes, etc. da mesma.

4. Formar un coloquio para sacar conclusións acerca da conveniencia de determinadas formas xurídicas en función da actividade a exercer, o número de promotores ou as necesidades económicas do proxecto.

5. Elixir en grupos unha organización xurídica de empresa, posteriormente acceder á web da *Dirección General de Política de la Pequeña y Mediana Empresa* <http://www.ipyme.org> e analizar brevemente o proceso de constitución e trámites a seguir para a posta en marcha dese tipo de empresa.

6. Establecer a área funcional encargada de:

- A publicidade, o deseño da marca do produto ou a distribución do mesmo.
- Obtención de recursos financeiros, rexistro de feitos económicos ou a análise de proxectos de investimento.

- Transformar a materia prima en produtos e servizos terminados.

7. Identificar que contabilidade (interna ou externa) daría resposta a preguntas como estas:

- Cantos son os meus ingresos por vendas de produtos anuais?
- Canto debe a miña empresa aos bancos?
- A que prezo teño que vender os produtos para cubrir os meus custos?
- Canto custa o que vendo?

8. Clasificar como decisións de investimento ou financiamento as seguintes:

- Que activos específicos se han de adquirir?
- Que proxectos concretos se han realizar?
- Como financiar os activos, os proxectos?
- Cales son as fontes financeiras máis convenientes?

*Actividades complementarias para o traballo na casa:*

1. Analizar o proceso actual de transformación das caixas de aforros. Pode consultarse inicialmente o Real Decreto - Lei 11/2010 ou a web: <http://www.cajasdeahorros.es>.

2. Analizar as sociedades anónimas deportivas (SAD): características e obrigacións. Pode consultarse inicialmente a web do *Consejo Superior de Deportes* <http://www.csd.gob.es> e o Real Decreto 1251/1999 sobre sociedades anónimas deportivas.

3. Analizar que tipo de empresas pode constituirse por vía telemática actualmente en España e o seu procedemento. Pode consultarse a información do *Centro de Información y Red de Creación de Empresas* (CIRCE) <http://www.circe.es>.

## **AVALIACIÓN**

---

A avaliación desta unidade didáctica, semellante ao resto de unidades desta materia, será realizada en tres etapas:

- Na primeira etapa realízase a avaliación inicial que tratará sobre os coñecementos previos dos alumnos para observar se estes son adecuados e suficientes. Para levar a cabo esta tarefa realizarase un debate aberto e cuestionario na clase o primeiro día.
- A segunda etapa será a avaliación procesual. Esta será unha avaliación continua co fin de detectar as dificultades de aprendizaxe dos alumnos. O profesor supervisará os exercicios feitos na clase, os propostos para facer na casa e os exames da aula virtual. As dúbidas serán resoltas tanto de xeito presencial (na aula e nas titorías) como a través dos recursos informáticos (correo electrónico e Blackboard).

- Por último, realizarase unha avaliación final para constatar os resultados obtidos polos alumnos nesta unidade didáctica. O sistema de avaliación engloba tres elementos. O primeiro, un exame final (70% da cualificación) que consistirá nunha proba escrita composta dunha parte teórica e exercicios prácticos. O segundo elemento son os traballos propostos realizados individualmente e en grupos e outras actividades prácticas (20% da cualificación). As titorías representan o 10% restante da cualificación final.

## **BIBLIOGRAFÍA**

---

- LARRÁN JORGE, M. (2009): *Fundamentos de contabilidad financiera. Teoría y práctica*, Ed. Pirámide, Madrid.
- BREALEY, R.; MYERS, S. E MARCUS, A. (2007): *Fundamentos de Finanzas Corporativas* (5ª edición), McGraw Hill-Interamericana de España.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

